

Dende o inicio das súas actividades o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) tivo unha permanente preocupación pola imaxe fotográfica. Baste con lembrar que a primeira actividade pública do IEM foi a exposición *O Val Miñor nos albores do século XX*, que por certo acaba, cinco anos despois da súa inauguración, acaba de estar colgada nas paredes do colexio baionés de Covaterreña. Nela recollense máis de sesenta fotografías do Val, a inmensa maioría no primeiro tercio do século XX.

O acto de presentación do novo libro do Instituto de Estudos Miñoranos: ***Baiona nas ondas do tempo***, terá

lugar o

2

7 de xullo, martes,

às 22 h. na Praza do Concello de Baiona

. No mesmo participaran: Carlos Méixome, director do IEM; Xosé Lois Vilar, do Instituto de Estudos Miñoranos; Ana María Rodríguez, Concelleira de Cultura e Carlos de la Peña, Alcalde de Baiona

Dende aquel momento o IEM puxo en marcha o Arquivo da Imaxe e do Son do Val Miñor, que dirixe a profesora Ánxeles Bouzón. O traballo constante foi dando lugar a un arquivo fotográfico, de características que poderíamos denominar histórico, que supera, en moito, as mil imaxes. Deste fondo, que afortunadamente vai en aumento, tirouse un primeiro traballo en forma de libro: *Imaxes para a memoria*. Nel deseñouse un formato: unha foto do primeiro tercio do século XX comentada por un veciño ou veciña do Val Miñor de comezos do século XXI. Foron pois case sesenta fotos e sesenta textos. O libro, esgotado, tivo unha enorme acollida. Esa aceptación foi a que empurrou ao Arquivo da Imaxe e do Son do IEM a iniciar unha nova aventura: repetir o formato fotografía-texto, tomando agora cada un dos concellos do Val. Esta nova iniciativa concretase agora coa publicación de *Baiona nas ondas do tempo*

. Nesta ocasión recollense 65 fotografías acompañadas cada unha delas do seu correspondente texto.

Cumpre destacar o traballo do membro do IEM e director da Sección de Prehistoria do mesmo Xosé Lois Vilar Pedreira, baionés de nacemento e vocación, que posibilitou en grande medida a realización desta obra.

O acto de presentación desta nova publicación do Instituto de Estudos Miñoranos: *Baiona nas ondas do tempo*

, terá lugar o

27 de xullo, martes,

às 22 h. na Praza do Concello de Baiona

. No mesmo participaran: Carlos Méixome, director do IEM; Xosé Lois Vilar, do Instituto de Estudos Miñoranos; Ana María Rodríguez, Concelleira de Cultura e Carlos de la Peña, Alcalde de Baiona.

Nesta presentación contarase tamén co baile da **Danza das Espadas** acompañado pola **Banda de Música Municipal de Baiona**.

www.minhor.org